

# **EVOLUCIÓN DA CONTRATACIÓN EN GALICIA. 2003**



**Gabinete Técnico Confederal**

## CONTRATOS 2003.

Unha vez que o Instituto Nacional de Empleo (en adiante INEM ), publica os datos correspondentes ó mes de decembro de cada ano, pódese facer a avaliación anual e así ter unha perspectiva da evolución da contratación e comparala con anos anteriores.

No ano 2003 rexistráronse en Galicia 743.762 contratos, 3,9% máis que no ano 2002, dos que 714.881 son novos contratos e os restantes 28.791 son contratos xa existentes que ó longo do 2003 se converteron en indefinidos.

A evolución segundo as distintas modalidades de contratación é a que se amosa a continuación:

Contratos segundo modalidades de contratación				
	2.002		2003	
	Total	%	Total	%
<b>Duración temporal</b>	<b>657.338</b>	<b>91,81</b>	<b>682.766</b>	<b>91,81</b>
Por obra ou servizo determinado	268.773	37,54	273.109	36,72
Event. por circunstancias da prod.	262.835	36,71	274.962	36,97
Interinidade	61.098	8,53	68.898	9,26
Temporal para minusválidos	465	0,06	503	0,07
Sustit. por xubilación ós 64 anos	44	0,01	29	0,00
Prácticas	6.354	0,89	6.565	0,88
Formación lei 63/97	14.842	2,07	15.298	2,06
Temporal de inserción	4.784	0,67	11.717	1,58
Xubilación parcial	429	0,06	647	0,09
Outros	37.714	5,27	31.038	4,17
<b>Duración indefinida</b>	<b>58.630</b>	<b>8,19</b>	<b>60.906</b>	<b>8,19</b>
Indefinidos ordinarios	16.486	2,30	17.273	2,32
Indefinidos fomento emprego	13.843	1,93	13.710	1,84
Minusválidos	413	0,06	465	0,06
Relevo	449	0,06	667	0,09
Contratos convertidos en indefinidos	27.439	3,83	28.791	3,87
				0,00
<b>Total contratos</b>	<b>715.968</b>	<b>100,00</b>	<b>743.672</b>	<b>100,00</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

O medre na contratación foi semellante entre os indefinidos e os temporais se temos en conta os convertidos en indefinidos; entre os de nova contratación, os de duración temporal medraron un punto máis que os de duración indefinida.

En conxunto, tan so o 8,19 do total de contratos rexistrados se fixo baixo algunha das modalidades de contratación indefinida. Mesma porcentaxe que en 2002.

**Tan so o 8,19% dos contratos rexistrados en 2003, son de caracter indefinido.**

## Contratos indefinidos.

Dos 743.672 contratos, tan so o 8,19%, como expuxemos anteriormente, teñen duración indefinida, 60.906.

	2002		2003		Evolución
<b>Duración indefinida</b>	<b>58.630</b>	<b>100,00</b>	<b>60.906</b>	<b>100,00</b>	<b>3,88</b>
Indefinidos ordinarios	16.486	28,12	17.273	28,36	4,77
Indefinidos fomento emprego	13.843	23,61	13.710	22,51	-0,96
Minusválidos	413	0,70	465	0,76	12,59
A tempo parcial	-	0,00		0,00	
Relevo	449	0,77	667	1,10	48,55
Contratos convertidos en indefinidos	27.439	46,80	28.791	47,27	4,93

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Do total de indefinidos, un 47,2% son contratos xa existentes que ó longo do ano 2003 se transformaron en indefinidos. Estes medraron un 4,9% con respecto a 2002.

A maioría destes contratos, concretamente un 21% son feitos a traballadores que antes tiñan un contrato eventual por circunstancias da produción.

Dentro dos indefinidos de nova creación, a maioría son *indefinidos ordinarios*, concretamente un 28,36% do total, os cales medraron un 4,37% con respecto ó ano anterior. Este tipo de contratos son asinados maioritariamente por homes, no ano 2003 o 70,7%.

No que atinxe ó tipo de xornada, o 80% dos rexistrados baixo esta modalidade é a xornada completa.

Os *indefinidos fomento de emprego*, alcanzan o 22,51% do total de indefinidos. Deste tipo de contratos rexistráronse un 1% menos que durante o ano 2002, perdendo peso, polo tanto, sobre o total da contratación.

Este tipo de contratos, con fortes bonificacións á seguridade social, afectan maioritariamente a mulleres, neste último ano o 66% dos rexistrados.

No que respecta ó tipo de xornada, no 74% dos casos son a xornada completa, mentres que os de xornada a tempo parcial son o 22,5%. O restante son fixos

descontínuos. Entre os de xornada a tempo parcial, o 85% son asinados por mulleres.

A vista da evolución da contratación indefinida, onde a pesar das bonificacións os contratos indefinidos fomento do emprego descenden, ponse en evidencia o fracaso das políticas de redución da temporalidade, o quedar manifesto que a temporalidade non é un problema de custo, cuxa solución sexa abaratar a contratación, senón un problema de maior calado, un cambio no modelo de relacións laborais que con forza se vai instalando.

## Contratos eventuais

Os contratos eventuais acadaron a cifra de 682.766 en 2003, un 3,87% máis que os rexistrados en 2002.

Contratos temporais segundo modalidade de contratación:

	2.002		2003		Evolución
	Total	%	Total	%	
Duración temporal	657.338	100,00	682.766	100,00	3,87
Por obra ou servicio determinado	268.773	40,89	273.109	40,00	1,61
Event. por circunstancias da prod.	262.835	39,98	274.962	40,27	4,61
Interinidade	61.098	9,29	68.898	10,09	12,77
Temporal para minusválidos	465	0,07	503	0,07	8,17
Sustit. por xubilación ós 64 anos	44	0,01	29	0,00	- 34,09
Prácticas	6.354	0,97	6.565	0,96	3,32
Formación lei 63/97	14.842	2,26	15.298	2,24	3,07
Temporal de inserción	4.784	0,73	11.717	1,72	144,92
Xubilación parcial	429	0,07	647	0,09	50,82
Outros	37.714	5,74	31.038	4,55	- 17,70

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Por primeira vez, os *contratos eventuais por circunstancias da produción* – contratos cuxa finalidade é atender ás esixencias circunstanciais do mercado, aínda tratándose da actividade normal da empresa, e por regra xeral cunha duración máxima de 6 meses dentro dun período de 12 meses -, se converteron na modalidade de contracción máis utilizada.

Ó longo do ano 2003, rexistráronse preto do 275.000 contratos desta modalidade, un 40.2% do total dos eventuais e cun medre do 4,6% con respecto ó ano anterior.

Os contratos de *obra ou servicio determinado*, cuxa principal característica é que a súa duración é incerta, e polo tanto distorsionan as porcentaxes de contratos segundo duración, son os segundos en importancia aínda que nos últimos anos veñen perdendo peso a favor dos eventuais por circunstancias da produción.

No ano 2003 rexistráronse máis de 273.000 baixo esta modalidade, un 1,6% mais que no ano 2002.

Os terceiros en importancia cuantitativa son os *de interinidade*, que representan o 10% dos temporais e veñen acadando medres importantes nos últimos anos.

Destacar, polo importante medre que sufriron ó longo do ano 2003, os temporais de inserción, este tipo de contratos destinados a traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego para participar en programas públicos para a realización de obras ou servicios de interese xeral, medraron un 144,9% ó longo do último ano. Aquí están incluídos parte dos do programa Labora.

## Contratos de traballo segundo tipo de xornada e provincia.

A evolución da contratación foi moi desigual nas catro provincias galegas:

	2002	2003	Evolución
A Coruña	300.884	323.662	7,57
Lugo	72.316	74.107	2,48
Ourense	50.307	53.257	5,86
Pontevedra	292.461	292.646	0,06
<b>Total</b>	<b>715.968</b>	<b>743.672</b>	<b>3,87</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

A inmensa maioría dos contratos celébranse nas dúas provincias atlánticas, concretamente o 83% dos contratos, o restante 17% repárteno Lugo e Ourense co 10% e o 7% respectivamente.

Neste último ano onde se deu un incremento maior da contratación foi na provincia da Coruña onde medrou a contratación un 7,57%, rexistrando na mesma o 43,5% do total dos contratos en Galicia.

No que atinxe á evolución segundo tipo de xornada, entre os contratos de nova creación, foi a seguinte:

	2002	2003	Evolución
Xor. Parcial	137.648	147.916	7,46
Xor. Completa	549.828	565.616	2,87
Fixos - Descontinuos	1.053	1.349	28,11
<b>Total</b>	<b>688.529</b>	<b>714.881</b>	<b>3,83</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

A pesar de que cerca do 80% dos contratos son a xornada completa, non deixa de ser destacable o forte incremento que os de xornada parcial experimentaron ó longo do 2003, medraron preto do 7,5%.

Os fixos discontinuos, a pesar de ser escasos, débese destacar o forte incremento do 28,11% neste último ano.

## Contratos de traballo segundo duración.

Tan importante como o número de contratos que se rexistran nun momento determinado é a duración dos mesmos.

No cadro seguinte amósase a duración segundo as distintas modalidades de contratación para o ano 2003:

Contratos de traballo segundo a duración											
	< 7 días	7 a 15 días	15 días a 1 mes	1 a 3 meses	3 a 6 meses	6 a 12 meses	12 a 18 meses	18 a 24 meses	> de 24 meses	indeterm.	Total
<b>Duración temporal</b>											
Por obra ou serv. det	15.452	1.685	2.853	7.635	5.644	5.936	196	93	292	233.323	273.109
Event. por circ prod.			114.502	81.149	68.892					10.419	274.962
Interinidade	7.073	4.083	7.291	3.849	2.198	483	35	19	14	43.853	68.898
Temp para minusv						487	13	1	2		503
De inserción	2.088	8	99	2.594	3.502	3.355	71				11.717
De relevo			1		3	23	13	34	593		667
Xub. Parcial	1			1	4	14	11	34	554	28	647
Sustit. xub 64 anos						27	2				29
Prácticas					2.941	3.466	69	115			6.591
Formación lei 63/97					13.836	1.336	42	66	16		15.296
Outros	12.317	299	402	114	373	553	26	3	15	16.936	31.038
											0
<b>Total</b>	<b>36.931</b>	<b>6.075</b>	<b>125.148</b>	<b>95.342</b>	<b>97.393</b>	<b>15.680</b>	<b>478</b>	<b>365</b>	<b>1.486</b>	<b>304.559</b>	<b>683.457</b>
<b>%/total</b>	<b>5,40</b>	<b>0,89</b>	<b>18,31</b>	<b>13,95</b>	<b>14,25</b>	<b>2,29</b>	<b>0,07</b>	<b>0,05</b>	<b>0,22</b>	<b>44,56</b>	<b>100,00</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Cada ano, cando se analiza a duración dos contratos encontrámonos coa mesma problemática: o elevado número dos mesmos que se rexistran cunha duración indeterminada, neste último ano o 44,5% do total dos temporais, o que dificulta sobremanera os cálculos porcentuais de duración.

Os que contribúen en maior medida a desvirtuar dita análise son os de obra ou servizo determinado, que por propia definición non se sabe a priori, na maioría dos casos, por canto tempo son subscritos. No ano 2003 o 76,6% dos de duración indeterminada pertencen a esta modalidade de contratación.

Ó marxe das consideracións anteriores, a escasa duración dos contratos é unha característica dos mesmos en Galicia, o ano 2003 non foi unha excepción, cos agravante que medraron os contratos de menor duración con respecto ó ano 2002.

En 2003, o 5,4% dos contratos rexistráronse cunha duración inferior ós 7 días, un 0,9% duraron entre 7 e 15 días e un 18,31% entre 15 días e un mes; en conxunto, o 24,6% tiveron unha duración inferior ó mes. Con respecto ó ano anterior medrou a porcentaxe de contratos cunha duración inferior ó mes 1,3 puntos.

**O 24,6% dos contratos tiveron unha duración inferior ó mes.**

Se temos en conta os de unha duración ata 6 meses, alcanzamos o 52,8% do total, no ano anterior eran o 51,5%, deuse pois un medre de 1,3 puntos.

Podemos concluír, con total rotundidade, que os contratos en Galicia son de moi escasa duración e que están medrando precisamente estes. No ano 2003, onde se produciron os incrementos foi en contratos con menos de 6 meses, a partir de aquí descendeu a porcentaxe con respecto ó ano anterior.

A gravidade da forte inestabilidade no emprego que reflicten os datos anteriores, temos que lle engadir a imposibilidade, senón encadean uns contratos con outros, de ter acceso á prestacións por desemprego da maioría dos traballadores con contrato temporal no noso país.

Esto explica a forte caída da taxa bruta de cobertura por desemprego en Galicia no último ano. Os datos son os seguintes:

	Taxa de cobertura	
	Estado español	Galicia
2000	52,5	46,2
2001	56,6	48,5
2002	59,8	52,1
2003	60,6	48,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

A taxa bruta de cobertura (número total de beneficiarios dividido polo número medio de parados rexistrados no INEM ó longo do ano), descende 3,8 puntos en Galicia con respecto ó ano anterior, esta forte caída do último ano sitúanos en valores semellantes ós do ano 2000.

Con respecto ó Estado Español, o seguir medrando a taxa de cobertura neste último ano, as distancias con Galicia incrementáanse, pasando a ser de 12,3 puntos fronte ás 7,7 puntos do ano anterior.

## Contratos por idade.

Dos contratos convertidos en indefinidos non dispomos da información por idades, son, polo tanto, so os novos contratos os que a continuación amosamos segundo a que grupo de idade afectaron:

<b>Contratos por idade</b>						
	<25	25a 29	30 a 39	40 a 44	>45	total
<b>Duración temporal</b>	<b>209.853</b>	<b>157.966</b>	<b>170.141</b>	<b>58.878</b>	<b>86.595</b>	<b>683.433</b>
Por obra ou servizo determinado	73.618	61.156	72.559	25.583	40.193	273.109
Event. por circunstancias da prod.	97.700	65.541	63.251	20.676	27.794	274.962
Interinidade	14.444	17.625	20.744	7.547	8.538	68.898
Temporal para minusválidos	85	83	176	73	86	503
Sustit. por xubilación ós 64 anos	7	8	7	4	3	29
Prácticas	3.933	2.240	372	15	5	6.565
Formación lei 63/97	12.932	441	864	332	729	15.298
Temporal de inserción	3.419	3.000	2.364	896	2.038	11.717
De relevo	290	225	124	14	14	667
Xubilación parcial	-	-	-	-	647	647
Outros	3.425	7.647	9.680	3.738	6.548	31.038
<b>Duración indefinida</b>	<b>5.200</b>	<b>6.795</b>	<b>9.113</b>	<b>2.868</b>	<b>7.472</b>	<b>31.448</b>
Indefinidos ordinarios	2.534	3.540	6.313	2.162	2.724	17.273
Indefinidos lei 63/97	2.619	3.168	2.677	646	4.600	13.710
Minusválidos	47	87	123	60	148	465
<b>Total contratos</b>	<b>215.053</b>	<b>164.761</b>	<b>179.254</b>	<b>61.746</b>	<b>94.067</b>	<b>714.881</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

O 30% dos contratos son asinados por menores de 25 anos, concretamente 215.053 contratos. Se a estes lles engadimos os de idades comprendidas entre 25 e 29 anos, vemos como o 53,13% dos contratos son asinados polo mocidade.

**O 53,13% dos contratos son asinados por menores de 29 anos.**

Esta proporción mantense cando falamos dos contratos temporais, mentres que nos fixos a distribución é outra. Os menores de 25 anos tan so asinaron o 16,5% dos de duración indefinida.

Entre os fixos hai moitas diferencias dependendo da modalidade de contratación que falemos. Os indefinidos ordinarios, o maior número rexístrase entre a poboación de entre 30 a 40 anos; mentres os indefinidos fomento do emprego, os maiores de 45 anos acaparan o maior número.

## Contratos por sexo.

Os contratos diferenciados segundo o sexo do asinante permiten ver claramente as importantes diferencias que existen por sexo, sobre todo a existencia de determinadas modalidades de contratación onde a primacía dun sexo é moi clara.

Contratos segundo sexo. Ano 2003.

	Homes	Mulleres	Total	%homes	%mulleres
<b>Duración temporal</b>	<b>372.775</b>	<b>310.658</b>	<b>683.433</b>	<b>54,54</b>	<b>45,46</b>
Por obra ou servizo determinado	175.078	98.031	273.109	64,11	35,89
Event. por circunstancias da prod.	142.939	132.023	274.962	51,99	48,01
Interinidade	20.115	48.783	68.898	29,20	70,80
Temporal para minusválidos	375	128	503	74,55	25,45
Sustit. por xubilación ós 64 anos	22	7	29	75,86	24,14
Prácticas	3.435	3.130	6.565	52,32	47,68
Formación lei 63/97	9.465	5.833	15.298	61,87	38,13
Temporal de inserción	5.543	6.174	11.717	47,31	52,69
De relevo	557	110	667	83,51	16,49
Xubilación parcial	601	46	647	92,89	7,11
Outros	14.645	16.393	31.038	47,18	52,82
<b>Duración indefinida</b>	<b>17.182</b>	<b>14.266</b>	<b>31.448</b>	<b>54,64</b>	<b>45,36</b>
Indefinidos ordinarios	12.217	5.056	17.273	70,73	29,27
Indefinidos lei 63/97	4.618	9.092	13.710	33,68	66,32
Minusválidos	347	118	465	74,62	25,38
<b>Total contratos</b>	<b>389.957</b>	<b>324.924</b>	<b>714.881</b>	<b>54,55</b>	<b>45,45</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INEM.

As mulleres representan o 43% da poboación activa galega e o 40% da ocupada, pero sofre nunha maior temporalidade, de aí, que a porcentaxe de contratos que asinaron no ano 2003 sexa lixeiramente superior o seu peso no mercado laboral.

O 45,5% dos contratos no ano 2003 foron asinados por mulleres, porcentaxe que se mantén tanto entre os de duración temporal como indefinida.

Entre os de duración temporal existe determinadas modalidades de contratación que podemos considerar masculinas e outras femininas; entre as primeiras, pola súa importancia cuantitativa destacaríamos as de obra ou servizo determinado, sen esquecer outras nas que máis do 80% foron asinados por homes:xubilación parcial, de relevo..

Entre as mulleres con contratos de duración temporal, destacaríamos o de interinidade como exemplo dun contrato tipicamente feminino.

Entre as modalidades de duración indefinida, os indefinidos ordinarios son asinados nun 70/ dos casos por homes e os de fomento do emprego nun 66% dos casos por mulleres. As bonificacións que reciben a maioría dos colectivos de mulleres explican estas diferencias.

A modo de resumo podemos podemos caracterizar ó ano 2003, no que a contratación se refire como continuista. Segue medrando o número de contratos rexistrados, mentense amesma proporción que anos anteriores entre fixos e temporais e entre homes e mulleres.